



Acta da Comisión Delegada

18 de setembro de 2019

Lugar: Reunión por medios telemáticos.

Hora: 20:30 horas

Orde do día:

- 1.- Modificacións de calendario oficial de Competición 2019.
- 2.- Calendarización provisional Northwest Triman 2020
- 3.- Rogos e preguntas.

Asistentes:

Presidente-Gonzalo Mario Triunfo Delgado

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Amando Guerrero (AD Náutico de Narón)

Enrique Hernández (T. Rías Baixas)

Asiste previa consulta e autorización dos membros da Comisión Delegada o Responsable do Comité Deportivo da FEGATRI Pablo Dosil.

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:45 h. en segunda convocatoria.

1.-Modificación do Calendario Competición Deportiva.

Comunícase a proposta e solicitude de varias entidades para engadir probas á tempada 2019.

- DEPODESAFÍO.- A Deputación de Pontevedra ponse en contacto co Comité Deportivo para contar un ano máis coa colaboración técnica da FEGATRI, nos termos da tempada anterior na organización da Proba de Tríatlon Depodesafío a celebrar en Vigo o próximo 13 de outubro de 2019. Coma na tempada anterior celebrará tamén un acuatlón de menores. Apróbase engadila ao calendario oficial e continuar coa mesma colaboración da tempada anterior salvo a dirección de carreira que a levará a empresa Team Relay.

- DUATLON CROS.- varios concellos contactaron co Comité Deportivo para presentar as seguintes probas a celebrar antes do remate da tempada e engadilas ao calendario. Propoñendo así mesmo a creación entre elas, de cara a incentivar a participación do "Premio de Outono de Dúatlon Cros".

* 17/11/2019- Dúatlon Cros Concello de Lousame

* 24/11/2019- Dúatlon Cros Concello Cotobade-Cercedo

* 15/12/2019- Dúatlon Cros Concello de Carballo

Apróbase engadir as probas ao calendario e encargar ao Comité Deportivo o peche da proposta de Regulamento do Premio de Outono de Dúatlon Cros que englobará as tres.

2.- Calendarización provisional Northwest Triman 2020

A organización do Northwest Triman 2020, cuxa celebración está prevista para o 28/06/2020, solicitou, como en anteriores tempadas á FEGATRI a apertura de inscricións adiantada á aprobación do calendario oficial 2020, o 1 de outubro de 2019


Acórdase dar esta autorización, tendo en conta a necesidade de anticipación na apertura de inscricións para este tipo de proba. Aprobar provisionalmente a súa calendarización apra o 28 de xuño de 2020 comunicando á organización que será a Asemblea Xeral quen debe aprobar definitivamente a data coa confección do calendario.

Levántase a sesión ás 21:05 h.


Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro



VºBº


Asdo.- O presidente
Gonzalo Triunfo Delgado.